

## Troca-Libro/s - Curso 2022/23

*Nota para as familias e para o alumnado do IES do Castro*



Como vimos facendo dende o remate do programa de gratuidade de libros de texto na educación secundaria obrigatoria, comezamos unha vez máis o servizo de intercambio voluntario de libros de texto do IES do Castro (Troca-Libro / s) para todas as familias do IES, sexan ou non asociadas á ANPA. Esta actividade consiste en doar voluntariamente os libros que xa non imos utilizar, e solicitar a recepción de libros do curso ao que accederemos.

Neste ano, co gallo da nova lei de contidos de educación, vanse cambiar todo-los libros de 1º e 3º da ESO, e tamén case que todos os de 1º Bach. En consecuencia, temos que tomar contra da nosa vontade os seguintes acordos:

1. Non se recolleran libros dos cursos de 1º e 3º ESO. Recomendamos gardalos durante un tempo, e logo desfacerse deles cada quen, por si algún profesor/a os usa. Pero iso é pouco probable
2. De 1º Bacharelato en principio recolleremos soamente os libros de Inglés, Física e química, e Historia e Economía. Por si acaso traer vosas doacions deste curso ao trocalibros, a ver si serve algunha outra
3. Todos os libros de 2º e 4º ESO e 2º de bacharelato son válidos.
4. Calquera alumno do centro, sexa ou non asociado á ANPA, pode solicitar presencialmente libros do trocalibros na data da súa convocatoria. Coma suporedes, non teremos libros de 1 e 3º ESO.

Normalmente recibiranse máis ou menos libros segundo o número de libros que entregabamos, e segundo o número de libros que entregaban os alumnos do curso ao que imos. Este ano non será así, porque as familias de 1º e 3º ESO non lle computaran os libros que entreguen porque non os recolleremos. O procedemento de cambio argallado pola goberno central e a Xunta de Galicia levan a unha tremenda inxustiza para as familias do alumnado que accede a 1º ou 3º ESO e 1º BACH neste curso, pois á falta de libros válidos ven sumarse que no curso próximo repetirase a inxustiza nas mesmas familias. Coma xa recomendamos neste curso, non queda outra que solicitar en xuño Fondo de libros da Xunta, e aínda que nosa renda exceda o límite, confiar que nos concedan algún libro.

Sabedes que dende a ANPA andamos a procura a través de FOANPAS de que volva a poñerse en practica o programa de gratuidade e propiedade da Xunta dos libros de texto. Pero non o damos conseguido. Tamén temos intención neste curso de propor a entrada do IES do Castro no programa de libro dixital E-Dixgal da Xunta, a ver si acabamos co irritante gasto en libros de texto de cada curso.

As datas da edición do trocalibros deste curso serán:

1. Apertura do prazo para solicitar libros, e no seu caso doar libros válidos de 2º ESO, 4º ESO y 1º e 2º BACH será o **MARTES 13, DAS 17:00 ÁS 19:00 HORAS**
2. A data para recoller os libros que nos toquen para o alumnado de 2º ESO, 4º ESO e BACH será o **XOVES 15 DAS 17:00 ÁS 19:00.**

Todo isto do trocalibros é voluntario e altruísta, posto en funcionamento grazas ao traballo desinteresado dalgúns das náis/pais da ANPA. Telo en conta para desculpar un funcionamento sempre mellorable. Noso maior cumprimento ás familias que entran en 1º e 3º ESO, que o ano que ven terán que sufrir novamente a decisión das autoridades educativas que temos. Moito ánimo, e sobre todo infinita gratitude se a pesar deste atranco considerades apropiado doar os vosos libros do curso pasado a cambio soamente dun xesto de agradecemento e respecto.

En breve vos anunciaremos a convocatoria da asemblea xeral de principio de curso da asociación, que esperamos sexa presencial no IES a fins de setembro ou comezos de outubro. Gracias pola vosa comprensión e apoio a un ANPA que é e ten que ser de todas as familias do IES.